

Nenos¹

Uns nenos xogan.

Xogan. En torno a eles, dous cans, unha árbore, un pequeno prado.

Xogan. Bailan as follas ao son da brisa.

Xogan. Nubes no ceo dun atardecer de verán.

De pronto, asómase unha páxina de xornal e, ao lonxe, escóitase unha radio... un murmurio apagado -como un remorso- das cousas do mundo.

Xogan. Pero -ao fondo- a dor, o sufrimento, a inxustiza, a fame... perduran.

Alleos a todo, xogan. As súas risas eternas enchen o aire.

O mundo é perfecto.

Agora.

Aquí.

Mentres, achégase o crepúsculo...

¹Este texto foi publicado orixinalmente no blogue [Abrentes](http://abrentes.com), 25 de abril, 2018. Está suxeito á licenza Recoñecemento-CompartirIgual 4.0 Internacional de Creative Commons. Para ver unha copia desta licencia, visite <http://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/>

